

INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSICIÓN CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDEN DE XUÍZO DE VALOR NO PROCEDEMENTO DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA AO PARLAMENTO DE GALICIA

1.- OBXETO

Procédese á avaliación das ofertas presentadas polas empresas concorrentes con relación á documentación do sobre B "Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor".

2.- DOCUMENTACIÓN ESIXIDA

Conforme ao disposto na cláusula sexta, documentación e contido, no seu apartado referente a "*Sobre B, documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor*", do prego de cláusulas administrativas particulares para dita contratación administrativa, publicado no BOPG 276, de 22 de abril de 2014, a documentación requirida é a seguinte:

Os licitadores deberán incluír neste sobre a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábles por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

Conterá, en xeral, os detalles ou as precisións que considere convenientes o licitador para a mellor realización da subministración obxecto da contratación e, en especial, os que poidan ser susceptibles de valoración segundo os criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor que se fixan no cadro de especificacións.

Neste sobre B non poderá incluírse información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios avaliábles de forma automática por aplicación de fórmulas do punto 16 do cadro de especificacións, a cal debe incluírse no sobre C.

O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.

3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a avaliación das proposicións presentadas teranse en conta os criterios recollidos na cláusula décima do prego "Criterios para a valoración das proposicións" e que figuran recollidos no punto 16 do "cadro de especificacións do contrato":

Criterios de adxudicación

I. Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: ata 20 puntos:

- Valor técnico da oferta: de 0 a 20 puntos:

Valorarase a oferta, sen custo adicional, de realización de estudos de eficiencia lumínica e eficiencia enerxética, implantación de medidas e equipamentos con tecnoloxías tendentes á mellora da eficiencia enerxética e/ou diminución de CO2 e gases de efecto invernadoiro, instalación de baterías de condensadores, proposta de plan de atención ao cliente, desenvolvemento de mecanismos e solucións administrativas que incidan nun



posible aforro da facturación de consumos eléctricos, compromiso explícito de realización doutras auditorías enerxéticas.

4.- VALORACIÓN PROPOSTAS PRESENTADAS.

4.1 Ofertas presentadas

As empresas que presentaron proposicións ao procedemento foron as seguintes:

- Gas Natural comercializadora, s.a. (núm.rexi:23719)
- Endesa energía, s.a.u. (núm.rexi:23759)
- Aura Energía, s.l. (núm.rexi:23760)

4.2 Determinación de puntos das dúas propostas:

Conforme aos criterios de adxudicación preséntase o cadro coa descrición das propostas e a súa valoración técnica comparada.

Tipo proposta ofertada Reparto de puntos: ata 20	empresas					
	Gas Natural comercializa, s.a.		Endesa energía, s.a.u.		Aura Energía, s.l.	
	Descripción	Puntos	Descripción	Puntos	Descripción	Puntos
estudios de eficiencia lumínica. ATA 4 PUNTOS	Ofrece a realización dun estudo de iluminación baseado no Sistema <i>Quick Scan</i> : Programa que permite coñecer valores de iluminación, mediante o estudo e inventario de puntos de luz, e propostas de solución coa valoración de substitución por tecnoloxía <i>led</i> . Non especifica o detalle de actuación, e a proposta non é tan completa como a mellor valorada neste bloque.	2	Presenta unha proposta de Estudo Eficiencia Lumínica, enfocada cara a redución do consumo enerxético, o custe de mantemento, a mellora da calidade lumínica, e menor emisión de CO2. Para a súa realización propón visita de técnico especialista ás instalacións do Parlamento para diagnóstico das luminarias actuais existentes. Acompañado polo posterior entrega dun estudo técnico económico coa proposta de solucións para o aforro enerxético en instalacións de iluminación. Acompañado dun estudo económico do aforro que produciría a adopción destas medidas. Considérase a máis completa das presentadas para este apartado.	4	Non achega proposta neste sentido.	0

<i>estudos de eficiencia enerxética</i> ATA 4 PUNTOS	Presenta unha proposta denominada “Sistema de xestión e monitorización enerxética”, mediante a instalación de equipos de medidas que recollerán parámetros de demanda enerxética do edificio. Procesado e presentación da información mediante un <i>datalogger</i> (rexistrador de datos) e plataforma <i>Energy Manager</i>. Permite coñecer os consumos enerxéticos por áreas no edificio. Valórase coma ampla e de interese a proposta.	4	Presenta unha proposta de Diagnóstico Enerxético das Instalacións, enfocado cara o deseño de actuacións para a máxima eficiencia e o aforro en facturación. A realizar mediante unha visita por técnico especialista para abordar a análise eléctrica das instalacións, e avaliación de posibilidades de optimización enerxética. Inclúe a presentación dun estudo técnico económico analizando o consumo enerxético e análise de melloras e optimización. Valórase coma ampla e de interese a proposta.	4	Non achega proposta neste sentido. 0
<i>outras auditorías enerxéticas.</i> ATA 3 PUNTOS	Non achega proposta neste sentido.	0	Inclúe o diagnóstico en sistemas de climatización, no rendementos de combustión de caldeiras e balanço enerxético, medidas para o aforro de auga sanitaria e análise para a diversificación enerxética da produción de auga quente.	3	Non achega proposta neste sentido. 0

instalación de baterías de condensadores, e equipamentos con tecnoloxías tendentes a mellora da eficiencia enerxética ATA 3 PUNTOS	Non achega proposta neste sentido. 0	Non achega proposta neste sentido. 0	Non achega proposta neste sentido. 0	Non achega proposta neste sentido. 0
desenvolvemento de mecanismos e solucións administrativas que incidan nun posible aforro da facturación de consumos eléctricos ATA 3 PUNTOS	Valórase neste apartado a proposta dun plan de formación enfocado cara unha correcta xestión dos usos finais da enerxía polos consumidores, e mellores prácticas de aforro, incluíndo un plan un curso de enerxía +sostible (en formato e-learning que ten por obxecto a divulgación do funcionamento dos mercados enerxéticos. Inclúe tamén un Programa de Asesoramento para a optimización tarifaria e xestións en materia de excesos e reactiva. Neste apartado, das tres é a proposta máis completa. 3	Propón a realización dun informe sobre a optimización de potencia. En caso de producirse episodios de enerxía reactiva que repercutan na facturación ofrece realizar un estudo para determinar as súas causas e proposta de solución (aclarando que non de execución). 1	Propón dúas actuacións de mellora referidas á optimización de potencias para axustar a contratación ás necesidades actuais do PG, e un estudio de compensación de enerxía reactiva. Con proposicións de medidas correctoras. 1	1

<i>proposta de plan de atención ao cliente</i> ATA 3 PUNTOS	Presenta un detallado plan de Oficina Virtual e de atención ao cliente, mediante o acceso a unha plataforma de grandes clientes. Nela poderanse consultar incidencias na facturación, detalle das mesmas, históricos de consumo por períodos, etc. Oferta oficina telefónica de atención 24 horas. Informes mensuais sobre a calidade do subministro. O procedemento de Atención mediante a ferramenta <i>Middle Office</i> (unidade encargada da Xestión Administrativa Personalizada) e sistema de Clientes Especiais (unidade encargada da Xestión de Accesos Personalizada). Das tres é a proposta máis completa.	3 Presenta unha descripción dos mecanismos e actuacións de atención ao cliente, poñendo a disposición o acceso a web para usuarios onde poder consultar información relativa sobre o contrato de subministro, o listado de facturación, consumos eléctricos e curvas de carga.	2 Presenta unha breve descripción. Declara a disposición dun servizo de atención ao cliente de 24 horas durante todos os días do ano. Pon a disposición un servizo web de facturación para consulta de consumos, histórico de subministros. Das tres é a menos completa	1
Total	12	14	2	
	Gas Natural comercializa, s.a.	Endesa energía, s.a.u.	Aura Energía, s.l.	



4.3 Puntos asignados a cada unha das ofertas:


Vistas e estudadas as propostas, e de acordo co cadro de valoración do apartado anterior, os puntos acadados por cada empresa son:

- Endesa enerxía, s.a.u.: **14 puntos.**
- Gas Natural comercializadora, s.a.: **12 puntos.**
- Aura Enerxía, s.l.: **2 puntos.**

En Santiago de Compostela, a 16 de xuño de 2014


O técnico do Servizo de Réxime Interior
Martín Nercellas Méndez

Vº e praxe
O xefe do Servizo de
Réxime Interior



F. Javier Freire González



SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR